

desapaixonado sobre unha cuestión que nos afecta a todos e a cada un dos galegos. É sabido que, en ocasións coma esta, a distancia respecto do obxecto de estudio permite apreciar mellor os grandes trazos, aínda á conta de perder detalles de menor importancia.

E é precisamente nalgunhas cuestións de detalle onde se escapan os erros máis notorios do libro; por exemplo, non coñecemos unha "Dirección Xeral do Ensino da Lingua Galega" citada pola autora (p. 155), é inexacto que a normativa seguida polos "lusistas" siga a se-la *Gramática elemental del gallego común* de Carballo Calero do ano 1966 (p. 136), nin tampouco é certo que o galego sexa materia obrigatoria para tódolos alumnos de Filoloxía Románica (p. 160). A autora debe tomar nota igualmente de que a Real Academia Galega non participou na elaboración das *Bases para a unificación das normas lingüísticas do galego* (p. 134, 148), e tamén de que, que eu saiba, a *Gramática galega* de Alvarez Blanco, Monteagudo Romero e Regueira Fernández non goza de ningún recoñecemento oficial do goberno galego como gramática oficial da lingua do país (p. 148).

Da mesma maneira, unha investigadora que coñece tan ben a situación da lingua galega debería poñer máis coidado na transcripción de títulos ou frases en galego (Véxase, p.e., un "Fiesta da lingua galega", p. 89, ou un inexplicable "La generación Nós", en castelán, p. 86). A autora debería saber tamén que a forma oficial dos topónimos é a galega, polo que non é admisible a utilización da toponimia castelanizada como "La Coruña", "El Ferrol", "Orense", "La Estrada", "Villagarcía", "Villalba" (p. 81).

De tódalas maneiras estamos diante dunha contribución valiosa ó coñecemento da evolución da lingua galega no seu camiño para chegar a ser unha lingua de cultura, poñendo á vista as bases sólidas nas que se asenta o proceso de normalización e tamén os principais atrancos que debe vencer para poder avanzar cara á súa consolidación plena.

X. L. REGUEIRA

Santiago Petschen Verdaguer, *Las minorías lingüísticas de Europa occidental: Documentos (1492-1989)*, Parlamento vasco, Colección Informes y Documentos, Vitoria-Gasteiz, 1990. 2 vols., 864 pp.

Cando nas comunidades autónomas do Estado español con lingua propia xa se leva uns anos de lexislación en materia de normalización lingüística e cando simultaneamente hai un espertar da "consciencia" rexionalista e unha prestación de atención ás culturas e linguas minoritarias na Europa dos pobos, o Parlamento vasco tivo a feliz idea de publicar toda unha recopilación referente á situación e á (des)legalización históricas das linguas e dos dialectos europeos, que nos ofrece as diversas tendencias a prol ou en contra da súa utilización desde o Renacemento ata,

esencialmente, a aprobación da Carta europea das linguas rexionais ou minoritarias pola Conferencia permanente dos poderes locais e rexionais de Europa.

E dicimos que esta obra, *Las minorías lingüísticas de Europa occidental: Documentos (1492-1989)*, é unha idea feliz porque nos permite situar globalmente no contexto da planificación lingüística -ben das linguas minoritarias coma tamén das maioritarias- do pasado e do presente en Europa, pero, sobre todo, porque, para avanzar firmemente de cara ó futuro nese vieiro do recoñecemento e da práctica dos dereitos lingüísticos no que nos atopamos hoxe en día, cómpre coñece-los fitos históricos e as medidas legais que nos levaron á situación actual, pois esta obedece, por unha parte, á vontade e firmeza dos pobos falantes de linguas minoritarias e, por outra, débese ás conxunturas políticas que se foron forxando nos contextos europeos -imperialistas, estatelistas, comunitarios...- predominantes en cada época.

O profesor Petschen Verdaguer convídanos a facer este percorrido pola historia da política lingüística presentándolle ó lector toda unha serie de documentos que lle van permitir confrontar como nas mesmas e nas distintas fases do pensamento e da Historia moderna e contemporánea se propugnaron ou promulgaron resolucións, en beneficios dunhas linguas e en detrimento doutras, de supremacía, persecución, conciencia, rexurdimento, cooficialidade, etc., verbo das que subsisten no mapa europeo, basicamente da Europa occidental, se ben tamén se achegan textos exemplarizantes dos países escandinavos e de Europa central.

Por suposto, a historia das minorías lingüísticas non se circunscribiu nin concordou coa letra dos textos subscritos por poderes alleos, e iso ben que as salvou na maior parte das situacións, senón que foi unha loita e uns logros propios. Agora ben, nun Estado democrático, de dereito e social, a moeda tamén pode presenta-la outra cara e a dinámica social e política pódese manter pasiva, a saber, que non se sigan os modelos positivos máis exemplarizadores e que o espírito non vaia máis alá dunha interpretación restrictiva dos ordenamentos vixentes, véxase por caso os textos constitucional, estatutarios e normalizadores do Estado das autonomías español, ou o propio texto da Carta e doutras resolucións para os países da CEE.

Sen lugar a dúbidas, hai que destacar que a liberdade de uso e promoción lingüística sempre foi parella, recuando ou avanzando, coas reivindicacións, políticas, relixiosas, culturais, sociais e económicas, das respectivas nacionalidades. E, así mesmo, en consecuencia, a procura desta liberdade lingüística e cultural sempre estivo xunguida ós demais dereitos e liberdades que o ser humano foi reivindicando, acadando ou mesmo suplantando na historia moderna da humanidade. E tamén se debe observar que estas comunidades ou linguas minoritarias teñen o seu florecemento cando no marco político no que se incardinan hai tolerancia, respecto e recoñecemento destes dereitos. A historia demostrounos que non abonda só con que haxa "democracia", senón que, ademais, tamén se precisa competencia, poder, autonomía,... ¿a Europa dos pobos?

Por todo isto podemos afirmar que *Las minorías lingüísticas de Europa occidental* é tamén un tratado das liberdades das minorías de Europa occidental, como o demostra a práctica totalidade dos documentos recollidos nesta obra.

En consecuencia, Santiago Petschen Verdaguer, seguindo as divisións históricas xenéricas (Renacemento <--> Revolución Francesa <--> Primeira Guerra Mundial <--> Período de entreguerras <--> Segunda Gran guerra <--> fin da década dos anos 60 <--> 1989), o que fai máis comprensible os fenómenos lingüísticos, preséntanos no primeiro volume un conciso estudio preliminar que nos permite comprende-lo contexto do que xurdiron os documentos seleccionados a continuación, cada un dos cales vai acompañado dunhas notas explicativas someras. Así mesmo, ofrécenos un apéndice do Parlamento europeo (ano 1986) con datos elementais sobre as 26 linguas en situación minoritaria na Comunidade Económica Europea.

Pola contra, o segundo volume céntrase no desenvolvemento normativo levado a cabo por organismos europeos como o Consello de Europa, o Parlamento europeo, etc.; nas actuacións sobre as reclamacións internacionais e a cuestión das linguas e culturas minoritarias; nos proxectos de promoción do euskera; e mais nalgunhas reivindicacións dos nosos días.

E non podemos rematar esta recensión sen reflecti-los documentos recopilados nesta "historia documental" das minorías lingüísticas europeas tocantes á lingua galega, que se cinguen ós dictados estatutorios do 36 e de 1981 e mais á Lei de normalización lingüística de 1983. Esta pobreza documental é comprensible polo amplo abano, e exemplarizador, da obra e se non esquecemos que Galicia foi nestes procesos máis ben a remolque do que se mantivo na vangarda do desenvolvemento da política de normalización lingüística.

XOSÉ TORRES ROMAR

Juan C. Sager (1990): *A Practical Course in Terminology Processing*. Amsterdam / Philadelphia: John Benjamins Publishing Company. 254 pp.

Estamos na presenza dun libro de moi claros propósitos, segundo confesa o seu autor: pretende enche-lo baleiro creado pola aparición da terminoloxía como materia de estudio en cursos de non poucas universidades americanas e europeas e a ausencia de libros de texto en lingua inglesa. O feito de que nas nosas universidades non sexa unha materia nos programas oficiais non implica que non se leve a cabo no noso país un esforzo de produción terminolóxica, especialmente naqueles gabinetes dedicados á traducción e normalización; serán eles, ó noso entender, os principais destinatarios deste curso que, mesmo pensado para a lingua inglesa, ha resultar de grande utilidade e proveito para unha lingua en proceso de estandarización e normalización como a nosa.

A experiencia educativa e investigadora na UMIST (*University of Manchester Institute of Science and Technology*), o traballo en diversos comités de estandarización e mailo estudio e deseño de bancos terminolóxicos que ó longo dos anos oitenta foi desenvolvendo J. C. Sager dan como resultado este valioso manual que se destina non só